

ARTE



Detalle da exposición 'Imaxes da Memoria' na Fundación Granell, en Santiago

# A vinculación de Eugenio Granell con Galicia

► A obra exposta deixa moi patente que o galego, nas diversas facetas desenvolvidas por este polifacético artista, sempre estivo presente en todas as materias por el abordadas

FÁTIMA OTERO • SANTIAGO

N o compostelán Pazo de Bendaña pódese visitar a exposición 'Imaxes da Memoria', clausura do cal está prevista para o 2 de decembro, dedicada ó considerado último representante do surrealismo español e na sede que leva o seu nome: A Fundación Granell.

Do galego universal, tan vinculado a Compostela, fixéronse numerosas exposicións. Algunhas temáticas incluíron o motivo mariño, o escenográfico ou o arquitectónico, moi manidos nos seus lenzos; poderíanse realizar aínda máis dedicadas ás exóticas aves que o artista pintou, ou os encontros chocantes que aproximaban ambientes e personaxes dispares, só por espremer algo do caudal sorprendente que desbordaba a súa imaxinación.

A presente exposición, comariada pola prestixiosa crítica de Arte Mercedes Rozas, está dedicada a loar e valorar ó Granell galego, cuestión que moitos se negaron a recoñecer pero que

se encarga de reafirmar a presente mostra.

A obra exposta deixa moi patente que o galego, nas diversas facetas desenvolvidas por este polifacético artista, sempre estivo presente en todas as materias por el abordadas: escultura, narrativa, pintura, música, poesía...

A exposición, de carácter didáctico, dividiuse por seccións. Na primeira sala domina o banco e negro, ambientando aqueles felices anos 20, vividos polo artista a cabalo entre Santiago e A Coruña a través do filme *Unha viaxe por Galicia*, filme de alto valor costumista e documental.

Fotos de monumentos emblemáticos como o antigo edificio de Castromil, desgraciadamente irrecuperable, que Granell e os seus coetáneos rememoraban ó lembrar aqueles longuísimos percorridos por estradas tortuosas (Mesón do Vento incluído) nos autobuses desta firma entre Santiago e A Coruña.

Noutro apartado, páxinas de peñidicos locais reviven acontecementos históricos de España, que tan afastados nos parecen hoxe.

A lembranza dos seus paseos de rapaz ou mocidade polo desaparecido bosque da Condesa ou o "pulmón de Compostela", o monte Pedroso, deixaron uns cadros misteriosos e máxicos pletóricos de fabulosa ornamentación, tales como *A floración do monte Pedroso* ou *O mar de Orzán erguese cada noite*. O seu labor literario tamén recrea recunchos e xentes de Compostela (*O que aconteceu...* é un bo exemplo dunha cidade na que moitas das súas rúas estaban moi lonxe de asfaltar entón).

A segunda sala correspóndese co seu longo exilio fundamentalmente americano. O colorido alegre da paleta granelliana pásase ó espazo expositivo nun intento de harmonización. Coñece a personaxes admirados, como Vale-Inclán, ó que dedica un obxecto, un *ready-ma*


de feito en madeira e cun anaco de metal encontrado; ou a Maruja Mallo, á que homenaxea coa obra *A sorpresa do trigo*. Segue sen lle abandonar ese sentimento de morriña tan noso en cadros como *Lembranza galega* ou *A gaita tradicional*. A débeda con seres moi estimados deixa traslucir o seu grande sentido do humor nun gravado de ton crítico, *O illote do Castelo de San Antón*.

A terceira sala é a do reencontro coa súa terra, un retorno anunciado no lenzo premonitorio *O regreso do viaxeiro xeneroso*. É un anuncio do home peregrino, infatigable aventureiro e espírito dadivoso, que doa o seu legado á cidade do Apóstolo. As fotos con representantes da cultura, como Isaac Díaz Pardo, ou co alcalde que fixo posible a creación da Fundación Granell, Xerardo Estévez, renden de maneira recíproca agradecemento a esta cidade, que aínda que tardiamente soubo valorar a importancia dun galego universal.

CINE

## Coa intención non chega

MIGUEL SUÁREZ ABEL • SANTIAGO



PONIENTE

Dirección: Chus Gutiérrez  
Intérpretes: José Coronado, Cuca Escribano

O material elixido por Chus Gutiérrez para crea-la película *Poniente* é realmente magnífico. Unha nai regresa coa súa preciosa filla á terra da que procede, hoxe un manto de plástico debaixo do que se gardan odios vellos, tomates que moven a co-biza, inxustizas dos que teñen sobre os que non, rancores dos de dentro contra os doutra cultura, doutra pel..., todo cocido á beira do mar do sur, do vento violento e dos soños de comezar outra vez a vida, agora atada polo amor e a tenrura.

Toca *Poniente* temas tan actuais como verdadeiros, tan necesitados de denuncia como de ser vistos por unha cámara sensible que os atravesase con paixón e fortaleza narrativa, e iso é o que nos mostra a directora con momentos de emoción auténtica, de erotismo sen camuflaxes, de tenrura áspera, pero non calla por competo este espírito no resultado definitivo. Demasiadas cores para un cesto tan pequeno, demasiados asuntos están medidos na trama sen solidificarse nunha liña á que se apeguen e da que beban as demais. A película escolle un camiño tan atrevido que pisa constantemente o fio afiado da babeira do panfleto e do maniqueísmo e acaba por sufrir cortes fondos, navalladas que lle abren as costuras deixándoa indefensa entre o documental frouxo e a historia estereotipada. Hai demasiados momentos nos que, cando un berebere fala co seu amigo, me parece estar escoitando o discurso lido de Gema Martín Muñoz, profesora de cultura islámica e árabe.

É *Poniente* un intento digno de toda loanza, ningún tema tan urxente de ser tratado, ningunha historia podería reclamar máis a nosa atención, pero coa intención non chega e os ventos do sur, a inmigración e o mar que distancia a nosa miseria da deles aínda haberá de contar con outros intentos para inventar unha historia que se nos crave nos ollos ata non nos deixar durmir tranquilos.

A DEPUTACIÓN DE OURENSE

COA NOSA

# CULTURA

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE